

Federación Galega de Espeleoloxía

Material necesario


Os deportistas veteranos que teñan previsto facer espeleoloxía virán equipados co material espeleolóxico de progresión horizontal e vertical, tanto individual como colectivo. Preveer neopreno para os tramos acuáticos e prestar atención ao estado atmosférico (choivas).

Non esquezas: Realizar o “deporte-ciencia” en equipo, fundamento da exploración espeleolóxica e axuda a protexer e conservar o Medio Subterráneo

Localización

Lugar onde se celebra o 3ª Campamento Galego de Veteranos de Espeleoloxía FGE – GESA:

**42,754441, - 7,242926 Recepción
CONCELLO TRIACASTELA (Lugo)**



Colaboran:



ESPELEOLOXÍA

**TRIACASTELA
(Lugo)**

**14 e 15 decembro
2019**



Organizan:



Federación
Galega de
Espeleoloxía



3º CAMPAMENTO GALEGO DE VETERANOS DE ESPELEOLOXÍA

Ao carón do 'Camiño Francés' a Santiago de Compostela, se atravesa a zona da montaña luguesa de TRIACASTELA, onde se localizan pequenos afloramentos de rochas calcáreas nas que se desenrollan varias cavidades naturais –algunhas con importantes correntes de auga- que mostran gran interese para os espeleólogos galegos.

Para participar neste Campamento deberase ser maior de 40 anos, ter estado federado polo menos, durante 6 anos e ter a licenza do ano en curso expedida pola FGE ou calquera outra análoga de espeleoloxía recoñecida por ésta.

Na inscrición (ata o 3 de decembro) o interesado facilitará: nome, apelidos, data de nacemento, DNI/NIF, club o que pertence ou si é deportista individual, tipo de licenza, teléfono e correo electrónico, datas de chegada e saída. Cada Club nomeará por escrito a un deportista como Delegado/a. Estes datos só serán utilizados para o rexistro de participación no campamento e para a memoria final de participantes no mesmo, que remitiremos ao remate á FGE.

Todos os acompañantes maiores de idade só toman parte nas actividades culturais programadas e non é necesario estar federado.

A organización non se responsabiliza de posibles accidentes. Calquera situación ou dúbida non prevista por este Regulamento será resolta pola organización.

COTAS DE INSCRICIÓN:

Federados FGE: 23 €

Federados CEC: 28 €

Acompañantes non Federados : 30 €

Inclue: Cea da VII Gala da Espeleoloxía Galega e pernoita no Complexo Xacobeo (www.complexoxacobeo.com)

Só asistir a cea da VII Gala da Espeleoloxía Galega '25 anos federado': 15 €

DATA LIMITE DE INSCRICIÓN: 3 DE DECEMBRO DE 2019

Deberase ingresar antes do 3 de decembro na conta da S.M. Ártabros:

ABANCA: ES25 2080 5565 0030 4000 2362

Concepto: Nome + Apelidos + 3º CGV Espele

Cavidades que se poden recoñocer:

Nas parroquias de Alfoz, Cancelo, Lamas, Monte, Triacastela e Vilavella, nas que destacan: **Cova do Bao, Cova da Galleira I e Sistema dos Arroxais** (ver: Furada 7-1988, Inventario FGE-1995 e Subterránea-FEE 20-2003).

Programa de actividade

Sábado, 14 de decembro:

10 a 11,30 h.: Recepción dos participantes e recollida de documentación no Concello de Triacastela.

12 h.: Inauguración Oficial na Sala Cultura municipal:

- Pase do audiovisual e charla-coloquio *Cova Eirós* do GES Ártabros, presentado por D. Arturo De Lombera Hermida (arqueólogo).

- Reunión informativa sobre el *Catálogo dec Cavidades da FGE* e planificación de actividades, que coordina: Marcos Vaqueiro Rodríguez (vogal da FGE).

- Visita ás Exposicións fotográficas: *Triacastela, 'Unha ollada ao pasado'*.

15 a 20 h.: Saídas programadas por equipos ás cavidades da zona. (*)

Como alternativa cultural poderanse ver proxeccións espeleoloxicas e facer rutas paisaxísticas.

22,00 h. Cea de Participantes e na sobremesa 'VII Gala da Espeleoloxía Galega', con entrega de galardóns aos Clubes e Deportistas nomeados pola FGE, que cumpriron recentemente 25 anos federados.

Domingo 15 de decembro:

10 a 14 h.: Saídas programadas por equipos para prácticas espeleolóxicas. (*)

Como alternativa poderase facer "rutas paisaxísticas".

17,00 h.: Clausura Oficial do 3º Campamento Galego de Veteranos da FGE.

(*) Para facilitar o achegamento as cavidades da zoa se dara información GPS sobre as localizacións aproximadas das entradas.



SOCIEDAD DE MONTAÑA "ARTABROS"

Sta. Teresa, 14 Baixo

Telfs.: 981 21 31 15

artabros@artabros.org

www.artabros.org